



Astº.: Informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade Refº.: Liquidación do Orzamento de 2008

En cumprimento do preceptuado polo art. 16 do Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro (en adiante, **REO**), esta Secretaría - Intervención, emite o presente informe comprensivo do análise do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria segundo se deriva dos datos da Liquidación practicada ao Orzamento de 2008 así como para a súa unión co seu expediente:

A Lei xeral de Estabilidade Orzamentaria (Texto refundido aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro), define o principio de estabilidade orzamentaria aplicable ás entidades locais non incluídas no art. 111 LRHL, no seu art. 19.3, entendendo este principio como a situación de equilibrio ou de superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95). Desde ese punto de vista dedúcese que a capacidade de financiamento medida en termos orzamentarios implica que os ingresos non financeiros teñen que supoñer un importe maior ou igual aos dos gastos non financeiros, de tal forma que ao financiar inversións reais (Cap. VI) con pasivos financeiros se diminuírá nese mesmo importe a capacidade de financiamento polo que, con probabilidade, incorrerase en desequilibrio nos termos do SEC95 e, nese caso, deberá elaborarse e aprobarse un Plan económico - financeiro (PEF) a medio prazo, para a corrección dese desequilibrio, tendo en conta que a citada estabilidade orzamentaria se mide, no momento de se aprobar, executar e liquidar o orzamento, sendo esto último no que estamos neste momento.

Dunha forma xenérica poderíamos dicir que a estabilidade orzamentaria a calculamos como a diferenza entre ingresos e gastos non financeiros, isto é, dos capítulos I ao VII do estado de ingresos e capítulos I, II, III, IV, VI e VII do de gastos, de tal xeito que si o resultado é igual ou positivo se estará en "estabilidade" pero, si pola contra, é negativo, resulta un desequilibrio e necesidade de financiamento que, leva consigo a aprobación do indicado PEF para acadar o equilibrio.

Desde o punto de vista anterior así como logo dos axustes e diferenza entre activos e pasivos financeiros teremos os seguintes resultados iniciais derivados da Liquidación do Orzamento de 2008:

CADRO I:

ESTADO DE INGRESOS		ESTADO DE GASTOS	
Cap.	Dereitos recoñecidos netos	Cap.	Obrigas recoñecidas netas
I	0,00	I	193.895,48
II	0,00	II	6.639.239,12
III	(1) 1.126.852,98	III	22,82
IV	6.840.383,98	IV	0,00
V	92.154,11		
VI	0,00	VI	1.624.203,54
VII	0,00	VII	0,00
TOTAIS	8.059.391,07	TOTAIS	8.457.360,96

(1) Taxas e CC.EE. recadadas efectivamente en 2008

Diferencia antes de axustes	-397.969,89
-----------------------------	-------------

Diferencia despois de axustes	-397.969,99
-------------------------------	-------------

VARIACIÓN ACTIVOS E PASIVOS FINANCIEROS:

CADRO II:

ACTIVOS FINANCIEROS (INGRESOS)		ACTIVOS FINANCIEROS (GASTOS)	
VIII	(*) 934.471,11	VIII	0,00

(*) Suma dos expedientes de modificación de créditos seguintes:

- M.C. 01/08 por 46.771,11€ financiado con remanente de tesourería para gastos xerais por igual importe.
- M.C. 02/08 por 444.000,00€ financiado con remanente de tesourería para gastos xerais por igual importe (non gastada na totalidade).
- M.C. 03/08 por 443.700,00€ de incorporación remanentes crédito de gastos con financiamento afectado

CADRO III:



PASIVOS FINANCIEROS (INGRESOS)		PASIVOS FINANCIEROS (GASTOS)	
IX	0,00	IX	0,00

Diferenza activos financeiros	934.471,11
-------------------------------	------------

Diferenza pasivos financeiros	0,00
-------------------------------	------

Vistos os anteriores resultados, partimos do primeiro cadro, coa diferenza antes de axustes, no que o resultado é negativo en 397.969,99€, polo que parecería estarse en desequilibrio e necesidade de financiamento, pero pode ser (como no pasado exercicio) que haxa que facer **axustes** debido aos motivos seguintes:

Aos efectos anteriores o Manual da IGAE (*Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións locais*, da Intervención Xeral da Administración do Estado -Ministerio de Economía e Facenda-, 1ª Edición) establece a necesidade de **consolidación das transferencias entre unidades pertencentes ao subsector Corporacións Locais e unidades incluídas no resto dos subsectores das Administracións públicas**, a fin de que esas transferencias se axusten aos criterios contables do pagador en concepto, importe e período. Entre eses axentes están as Comunidades Autónomas e Deputacións, que é o caso que nos ocupa posto que de ambos se perciben transferencias:

Indica o Manual que no suposto de transferencias recibidas pola Entidade local pode facerse necesaria a realización deses axustes xa que o importe das transferencias recibidas ten que coincidir co importe que figura no orzamento de gastos da unidade que da a transferencia, neste caso co importe que figure no orzamento de gastos da Xunta de Galicia e no da Deputación Provincial da Coruña, de tal xeito, que si os importes por transferencias dadas e recibidas coinciden non hai que facer axustes, caso contrario, haberá que facelo, debendo corrírse na Entidade local perceptora daquelas (Consortio) segundo a clasificación que fixo o pagador (Xunta e Deputación). Visto o resultado despois de axustes, así como o propio remanente de tesourería derivado da Liquidación orzamentaria de 2008 o certo é que as entidades pagadoras (Xunta e Deputación) fixeron as súas transferencias (todo de corrente) no propio exercicio de recoñecemento (e percepción, 2008), polo que loxicamente, non hai diferenza antes e despois de axustes, sendo en ambos casos o resultado, de 397.969,99€ (negativo).

Pero, nembargante, e coma xa se puxo de manifesto no informe que consta no expediente da Liquidación do Orzamento de 2007, estimase que non se pode deixar aquí o cálculo, xa que logo:

- En primeiro lugar, débese lembrar que o Remanente de tesourería para gastos xerais, constitúe, caso de ser positivo, unha fonte de autofinanciamento, un **recurso** da Entidade, xa que por conta do mesmo, poderán financiarse modificacións de crédito do exercicio seguinte pero sen que poida formar parte das previsións iniciais do orzamento de ingresos (art. 104.4 RD 500). É dicir, si o Consortio necesitara ao longo do exercicio afrontar novas ou maiores obrigas para as que carece de crédito ou é insuficiente o que figura orzamentado (ou incluso, decidira diminuír as contías das achegas dos entes consorciados en función do que prevé a estes efectos o art. 23 dos estatutos), poderá acudir ao seu propio aforro derivado da xestión inicialmente positiva que se deduce do remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aínda que neste aspecto, debe terse en conta que parte desa contía trae causa dos ingresos procedentes das contribucións especiais, non invertidos, polo que estimo, que nesa concreta contía, de producirse modificacións de crédito, deben ter o fin dos investimentos en mellora do servizo do que teñen orixe). Pero, e volvendo ao principio deste apartado (suplemento de crédito e crédito extraordinario), estamos ante modificacións do orzamento que poden ser financiadas precisamente, grazas ao remanente de tesourería para gastos xerais, acudindo así, ao aforro da entidade, ao autofinanciamento derivado da xestión positiva de exercicios precedentes.
- En segundo lugar, pode ocorrer, que existan gastos de investimentos con financiamento afectado e cuxa incorporación ao exercicio seguinte é obrigatoria, e para os que se dispón de financiamento, (coma vimos no informe desta Intervención respecto da Liquidación do Orzamento de 2008) e que de feito, se detrae do remanente de tesourería (total) no intre do cálculo do remanente de tesourería para gastos xerais. Pois ben, neste caso, no exercicio da



incorporación deses remanentes (2008) e do gasto (2008), o ingreso proveniente do exercicio anterior (no caso que nos ocupa 2007), aparecerá incluído no Capítulo VIII e, polo tanto, como un ingreso financeiro (CADRO II da páxina anterior), en tanto que o gasto, aparece no Capítulo VI (CADRO I), e en consecuencia, gasto non financeiro co resultado que vimos, antes e despois de axustes, e que é precisamente o ocorrido en 2008 (como en 2007).

É así, relacionado cos dous extremos anteriores, temos que ter en conta que foi o ocorrido durante o exercicio de 2008, porque o certo é que no mesmo, aprobáronse tres expedientes de modificacións de crédito que responden, precisamente, aos elementos citados nos dous apartados precedentes; expedientes que non foron financiados acudindo á débeda externa do Capítulo IX, pero que teñen, pese a iso, a súa clara incidencia nese “aparente” inicial desequilibrio polos 397.969,89€ e así :

EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DO EXERCICIO DE 2008:

- M.C. 01/08, financiado todo con remanente de tesourería para gastos xerais por importe de	46.771,11
- M.C. 02/08, financiado todo con remanente de tesourería para gastos xerais por importe de	444.000,00
- M.C. 03/08, de incorporación remanentes crédito de gastos con financiamento afectado xa recadados	443.700,00

TOTAIS DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 934.471,11

DIFERENZA PRODUCIDA ENTRE INGRESOS E GASTOS NON FINANCIEROS -397.969,89

E, desas modificacións a aplicación ía dirixida a:

EXPDTE.	TOTAL DA MODIFICACIÓN	CAPÍTULO VI		CAPÍTULO II	
		TOTAL ASIGNADO	TOTAL EN FASE “0”	TOTAL ASIGNADO	TOTAL EN FASE “0”
M.C. 01/08	46.771,11	4.000,00	3.612,36	42.771,11	42.771,11
M.C. 02/08	444.000,00	410.000,00	410.000,00	34.000,00	0,00
M.C. 03/08	443.700,00	443.700,00	443.700,00	-	-
TOTAL FASE “0”			857.312,36		42.771,11

É dicir, que o financiamento con recursos propios e xa recadados con anterioridade a 2008 por parte do Consorcio, serviu, tanto como exceso de financiamento afectado, para a incorporación dos remanentes de crédito de gastos con financiamento afectado (M.C. 03/08, por importe de 443.700,00€ correspondente ao Expdte. S. 01/07, de adquisición dun vehículo de altura, en Fase “D” a 31.12.2007), como para a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais (M.C. 01/08 e M.C. 02/08) o que supón, ao cabo, un **autofinanciamento** por parte do Consorcio **ao acudir ao aforro realmente producido en exercicios anteriores**, e por un importe total, todo, de 934.471,11€, cando o “aparente” desequilibrio é por importe bastante inferior, xa que ascende aos 397.969,89€. Consecuentemente, o inicial desequilibrio está fundado na citada incorporación no exercicio de 2008 dos remanentes de crédito de incorporación obrigatoria provenientes de 2007, por unha banda e, por acudir ao aforro producido en anos anteriores, ao remanente de tesourería para gastos xerais que, insístese e unha **fonte de financiamento** (que como se ten repetido neste informe) **que cita expresamente o art. 104.2 do Real decreto 500/1990**, do 20 de abril.

O certo é que en aplicación literal da normativa, as ditas modificacións de crédito reflíctense no Capítulo VIII do Estado de Ingresos como Modificación das Previsións Iniciais (e que, en tal concepto, teñen que ser necesariamente de cifra “0” por imperativo normativo) pero e pola contra, os gastos financiados con ese recurso propio sí orixinan “obrigas recoñecidas” que no caso deste Consorcio, acadaron a cantidade de 900.083,47€, de tal xeito que, si simplemente excluírmos as correspondentes a investimentos (sen ter en conta desa exclusión os 42.771,11€ de gasto corrente da M.C. 01/08) no intre do do cálculo para acadar o resultado do obxectivo de estabilidade orzamentaria (metodoloxía SEC95), o resultado do desequilibrio inicial por 397.969,89 se viría reducido ata acadar un **resultado positivo**, e así, volvendo ao CADRO I, do xeito seguinte:



ESTADO DE INGRESOS		ESTADO DE GASTOS	
Cap.	Dereitos recoñecidos netos	Cap.	Obrigas recoñecidas netas
I	0,00	I	193.895,48
II	0,00	II	6.639.239,12
III	(1) 1.126.852,98	III	22,82
IV	6.840.383,98	IV	0,00
V	92.154,11		
VI	0,00	VI	(1) 770.503,54
VII	0,00	VII	0,00
TOTAIS	8.059.391,07	TOTAIS	7.603.638,14

(1) Minorada a cantidade inicial de 1.624.203,54, en 853.700,00€ (suma dos importes fase "O" das aplicacións ao capítulo VI de gastos das Modificacións de crédito de 2008).

Diferencia	455.752,93
-------------------	-------------------

En consecuencia, enténdese que este Consorcio áchase en estabilidade e con capacidade de financiamento, alomenos, polo citado importe de 455.752,93€ tendo en conta que a orixe do "aparente" desequilibrio, responde ao autofinanciamento realizado nos sinalados expedientes de modificación de créditos.

Por último, e derivado do CADRO II, que figura na primeira folla deste informe, pode verse que a diferenza entre activos financeiros é positiva, en tanto que a de pasivos financeiros (CADRO III) é de resultado "cero" porque nin se financiaron investimentos con débeda (Cap. IX do Edo. Ingresos), nin existe capital que amortizar de préstamos (Cap. IX do Edo. Gastos).

Este é o informe que emito salvo erro ou omisión involuntarios na aplicación ou interpretación dos antecedentes, documentación que compón a Liquidación do Orzamento de 2008 e ordenamento xurídico vixente, nembargante a ltma. Presidencia, co seu superior criterio adoptará a resolución que estime oportuna.

Carballo, 26 de febreiro de 2009.-

A interventora,

Asdo.: M. Blanca Estévez Sánchez